

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE XUÑO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintenove de Xuño de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán 'xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Celso Sotelo Barroso, e Don Amando Martínez Deaño

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Luís Vieitez Vieitez, veciño de Quins, en representación de Don Manuel Bouzas, no que interesa información urbanística aplicable a un solar sito na esquina Avda. Redondela-Subida ó Piñeiral, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di o seguinte: "ALIÑACION.- A sinalada no plano nº folla 4, escala 1:2000 das NN.SS. do que se achega fotocopia ó interesado.- O ancho da rúa na subida ó Piñeiral é de 14 metros; Avda, Redonela segundo plano de aliñación; aportarase plano topográfico, grafiando as aliñacións establecidas así como as edificacións existentes. Ordenanza aplicable: 4.1 Residencial Cerrada.- Cabe destacar: altura de cornisa, 20 metros; número de plantas, seis; fondo de edificación, 20 metros; medición da altura 3.4.3.- Nas vías ou prazas con pendente, a altura medirase na vertical do punto medio da liña de fachada, si esta é inferior a 20 metros. Se sobrepasa tomarase ós 10 metros do punto máis baixo, podéndose escalona-la construción por cada 20 metros de fachada. Voo 10% ancho da rúa, máximo 1,30. A intersección de rúas ou esquina en planta baixa resolverase en rotonda segundo sinala o plano das NN.SS."

Visto o escrito de Don Felipe Rodríguez Miguélez, veciño de

Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade, sita no devandito lugar, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que é o seguinte: "Aliñación, a fixada polo planeamento.- Ordenación aplicable.- Conxunto urbano en conservación parcial de carácter, carácter categoría A-III.- Aliñación, a establecida no plano que se adxunta.- O fondo máximo edificable será de quince metros.- Plantas, baixo máis dúas altas (III).- Edificación entre medianeiras.- Cuberta.- As cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns.- Voos, permitiránse os voos abertos, formados por balcóns de 50 centímetros, como máximo de voo e sempre que o seu peto sexa de fundición ou de ferro. Admitiránse en obras de nova edificación, as galerías acristaladas cun voo máximo de 50 centímetros.- Materiais de fachadas.- As fachadas serán de pedra de granito de acordo co executado ata o momento.- Carpintería exterior.- Empregarase madeira ou aluminio lacado nas cores similares ás existentes na actualidade".

Visto o escrito de Don Cesareo Rodríguez Otero, veciño de Francelos, no que interesa información urbanística dun solar no que se atopa unha casa, sito no lugar de Portalaxe do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios urbanísticos do Concello, que di o seguinte: "Aliñación. a fixada polo planeamento.- Ordenanza aplicable.- Conxunto urbano en conservación parcial de carácter, carácter categoría A-III.- Aliñación, a establecida no plano que adxunto se facilita.- O fondo máximo eddificable será de quince metros.- Plantas, baixo máis dúas altas B+I, (II).- Edificación entre medianeiras.- Cuberta.- As cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns.- Voos, permitiranse os voos abertos, formados por balcóns de 50 centímetros, como máximo de voo e sempre que o seu peto sexa de fundición ou de ferro. Admitiránse en obras de nova edificación, as galerías acristaladas cun voo máximo de 50 centímetros.- Materiais de fachadas.- As fachadas serán de pedra de granito de acordo co executado ata o momento.- Carpintería exterior.- Empregarase madeira ou aluminio lacado nas cores similares ás existentes na actualidade".

Visto escrito de Dona Eudosia Casas López, veciña de Cartelle, con domicilio no Campo da Feira, do devandito lugar, no que interesa información urbanística dunha edificación actual sita na Gandarela, nº 64, deste término municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que é: "A edificación actual, non se axusta á Ordenanza 14.1.- Residencial Aberta.- Adxuntarase plano correspondente ó Estudio de Detalle.- Ordenanza 14.1, Residencial Aberta.- Definición.- Espacio en ordenación aberta, constituída por edificación organizada en bloques separados, destinados principalmente a vivendas e usos complementarios, con espacios axardinados rodeando a edificación.- Ambito territorial.- O sinalado no plano de organización espacial.- Normas de uso: Residencial.- Vivenda agrupada (considérase como tal á colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio) en edificios illados ou vivenda unifamiliar illada.- Industrial.- Industria compatible con vivenda. En categoría primeira.- Comercial.- Tódolos graos.- Normas de volume: condicións de posición: retranqueo mínimo.- Frontal 5 metros, restantes 1/2 da altura.- Separación mínima entre edificios dunha mesma parcela: igual á altura maior.- Aliñacións.- As sinaladas en planos correspóndense ó cerramento.- Restantes.- As do planeamento.- Condicións de parcelación: superficie edificable máxima, 70%.- Parcela mínima.- Vivenda colectiva e outros usos (consideráanse como tales os restantes admitidos), 500 m².- Vivenda unifamiliar, 300 m².- Cando a parcelación o permita, a xuízo municipal deberán de agruparse as parcelas e constituír os espacios libres, espacios de uso público a ceder ó Concello en proporción mínima do 15% cada propietario.- Condicións de edificación: Altura máxima: vivenda colectiva, catro plantas ou catorce metros de altura de cornisa; vivenda unifamiliar, dúas plantas ou sete metros; outros usos (aqueles que se consideran permitidos): dúas plantas ou sete metros.- Pérmítese o aproveitamento habitable cuberta, en vivenda unifamiliar.- En vivenda colectiva, será de trasteiros ou si este é habitable deberá ficar unido á planta inferior.- Edificabilidade: 1,00 m²/m².- Observacións: dada a indefinición da Ordenanza de Industria nas Normas Subsidiarias, incorpórase a seguinte normativa que recolle talleres e almacéns compatibles con vivenda".

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da farmaceutica titular, partes de cloración de augas do abastecemento de consumo público de Ribadavia e San Paio.

Da farmaceutica titular, resultado das análises mínimas das augas potables de consumo público do abastecemento de Ribadavia.

Da Escola de Capacitación Agraria da Deputación Provincial, sobre convocatoria para o ingreso na devandita Escola, para o vindeiro curso 1995-1996.

Do Goberno Civil, Circular nº 5/95, relativa ó horario dea peche de espectáculos e establecementos públicos que rexerá dende o vindeiro 1 de Xullo ata o 30 de Setembro.-

3.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la facturación remitida por Fenosa, correspondente ó mes de Febreiro do corrente ano, que ascende á cantidade de 2.647.520 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención económica por importe de 180.000 pesetas á Asociación Amigos de la Lira, pola prestación de servicios complementarios docentes no Conservatorio de Música de Ribadavia; honorarios correspondentes ós meses de Maio e Xuño dos profesores de piano e vento, polos importes de 80.000 pesetas e 100.000 pesetas, respectivamente.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 600.000 pesetas, a Nautel Comunicacions, con domicilio en Barbantes-Estación, pola colocación dun pantalán no lugar da Barca e outro en Valdepereira, deste término municipal.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 25.000 pesetas a Comisión de Festas de Barbantes, en concepto de axuda á carreira ciclista, con

motivo das devanditas festas.

Con motivo dun campamento en Girona (Bañoles), organizado polo Servicio Municipal de Deportes e, en concepto de axuda ó mesmo por aloxamento, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda un primeiro pagamento por importe 364.870 pesetas e, un segundo por importe de 541.420 pesetas. Así mesmo, tamén esta Comisión acorda conceder unha subvención de 100.000 pesetas ó devandito campamento, dita cantidade deberase xusitificar debidamente.

Unha vez comprobado que os traballos para os que se otorgou a preceptiva licenza municipal con data 25 de Abril de 1994 e para os cales Don Fidel Centrón González depositou unha fianza por importe de 100.000 para responder da bondade de ditas obras que se levaron a cabo no Camiño da Xarmenta, do lugar de San Cristovo, están rematados ficando en perfectas condicións, a Comisión Municipal de Goberno, acorda a devolución da fianza en cuestión.

Visto o escrito de Don Benito González Diéguez, veciño da Quinza, no que interesa a devolución dunha fianza depositada no seu día por importe de 200.000 pesetas e, comprobada a reposición e reparación dos camiños deteriorados segundo informe emitido polos servicios técnicos do Concello, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a devolución da devandita fianza.

Tendo coñecemento esta Comisión Municipal de Goberno da renuncia presentada polo avogado, Don Jaime Dávila Sánchez, que defendía a este Concello no xuízo de menor contía 10/94 no Xulgado de Primeira Instancia de Ribadavia, esta Comisión por unanimidade, encomenda o exercicio de accións xudiciais da defensa do Concello, ó avogado, Don Xosé María Casas Amil.

E sendo as oito do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.